

Documento distribuído por



# Mesa de traballo de arquivos da Administración local. Máis de vinte anos de colaboración

M<sup>a</sup> de la O Suárez Rodríguez

**Data de publicación: 27/10/2011**



**Comisión de Igualdade**

Pazo de Raxoi, 2º andar, 15705 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

MULLERES E HISTORIA. OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ  
MESA DE TRABAJO DE ARCHIVOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. MÁIS  
DE VINTE ANOS DE COLABORACIÓN.

M<sup>a</sup> de la O Suárez Rodríguez  
Arquivo Municipal da Coruña

**Os inicios, as primeiras mesas.**

A Mesa de Traballo de Arquivos da Administración Local está formada por un grupo de profesionais de arquivos que se reúnen para estudar e debater diferentes temas relacionados coa súa profesión. O primeiro encontro tivo lugar en San Sebastián de los Reyes no mes de outubro de 1988. A iniciativa xurdira dunha proposta lanzada por dona Antonia Heredia Herrera no IV Congreso de ANABAD, celebrado na Coruña no mes de maio dese ano. A Mestra Arquiteira suxeriu crear un grupo de traballo composto por arquiteiras e arquiteiros municipais de todo o Estado español para intentar elaborar un marco de clasificación común. O punto de partida era intercambiar coñecementos, proxectos e experiencias relacionadas coa clasificación dos documentos de concellos e deputacións. O obxectivo de tratar de establecer un único modelo de clasificación aglutinou a un conxunto de profesionais coa finalidade de normalizar e sistematizar o traballo arquivístico, e coa intención de aprender e funcionar en equipo. A idea non era nova, por ese motivo outros estudos desenvolvidos por profesionais na mesma liña ou dirección foron de enorme importancia. Neste sentido, os manuais de arquivística serviron de guía e referencia. Pero foi sobre todo decisiva, no traballo inaugural do grupo, a obra de Olga Gallego e Pedro López: *Clasificación de fondos de los Archivos Históricos Provinciales*<sup>1</sup>, que editou o Ministerio de Cultura en 1980.

Os primeiros pasos non foron doados, houbo que superar as diferenzas e en moitos casos foi necesario renunciar a traballos previos de varios anos en favor da uniformidade; de aí que o cadro de clasificación, pilar fundamental do noso labor, fose o tema de análise de once Mesas. En 1996, e de novo en San Sebastián de los Reyes, presentouse a publicación titulada *Propuesta de Cuadro de Clasificación de fondos de*

---

<sup>1</sup> GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. y LÓPEZ GÓMEZ, P. *Clasificación de fondos de los Archivos Históricos Provinciales*. Madrid: Ministerio de Cultura, 1980.

*Ayuntamientos*<sup>2</sup>, inspirada nos principios de delimitación, unicidade, estabilidade e simplicidade, sen perder de vista o principio de procedencia e respecto á orde orixinal. É un cadro baseado nas funcións desempeñadas pola administración local dende a súa creación ata os nosos días. O seu obxectivo é servir de guía para a elaboración do cadro de clasificación dos fondos dos concellos e deputacións. O volume foi editado polo conxunto de asociacións de arquiteiros e arquiteiras, un total de dez. A magnífica acollida deste traballo, o estupendo ambiente de compañeirismo que se creara e o moito que se aprendera traballando en equipo, animou ao grupo a continuar o seu labor e a suxerir novos temas. Foi a partir de aquí cando se acordou que no sucesivo a denominación do grupo sería: *Mesa de Trabajo de Archivos de la Administración Local*<sup>3</sup>.

### **Os membros das Mesas e o método de traballo.**

Aínda que no primeiro encontro só se convocou a aqueles grupos de traballo ou arquiteiros e arquiteiras que formularan ou publicaran propostas de cadros de clasificación de fondos municipais, a Mesa de Trabajo foi e é un foro aberto para a totalidade de profesionais de arquivos con gañas de traballar e achegar os seus coñecementos e experiencias neste campo; de tal forma, que ao grupo se foron incorporando, co tempo, máis membros. A Mesa está integrada por profesionais de arquivos de concellos, deputacións, responsables autonómicos de programas de organización destes arquivos e profesorado de universidade. Esta variedade de responsabilidades achega unha riqueza de puntos de vista que é considerada como "*un dos grandes patrimonios da Mesa*<sup>4</sup>".

A Mesa non ten sede fixa, tan só unha secretaría permanente detentada polo arquiteiro de San Sebastián de los Reyes, Concello que tamén xenerosamente alberga e mantén a páxina web do grupo. As reunións son convocadas polo concello, comunidade autónoma ou deputación que se ofrece a organizala no peche da anterior reunión.

O método de traballo, con lixeiras variacións dende os inicios ata hoxe, baséase na distribución de tarefas por grupos, a cuxa fronte hai un coordinador ou coordinadora, e

---

<sup>2</sup> MESA DE TRABAJO SOBRE ORGANIZACIÓN DE ARCHIVOS MUNICIPALES. *Archivos Municipales: propuesta de cuadro de clasificación de fondos de Ayuntamientos*. Madrid: ANABAD [etc], 1996.

<sup>3</sup> Inicialmente denominouse Mesa Nacional de Archivos Municipales e a continuación Mesa de Trabajo sobre Organización de Archivos Municipales.

<sup>4</sup> *La Mesa de archivos de la Administración Local: una experiencia de 17 años de trabajo en grupo de archiveros profesionales*. Congreso Los Archivos Municipales en la España Democrática., Zaragoza, outubro 2005.

non adoita faltar persoas dedicadas á recopilación da bibliografía/lexislación e outras que se encargan de elaborar o glosario de termos relativos ao tema no que se está a traballar. É na reunión da Mesa, en xornada de mañá e tarde, onde se discuten, consensúan e aceptan os resultados; levántase acta e elabóranse as conclusións. O número de días e de convocatorias por ano variou, dependendo da materia de estudo e o ritmo de traballo.

En todos os temas a tratar se lle deu moita importancia á normalización en todos os aspectos, sobre todo na terminoloxía, á busca dos repertorios legais, e aos estudos e bibliografía específica de cada un deles. En ocasións, logramos contar coa presenza e achegas de profesionais externos dependendo do asunto que se estivesen a debater.

A idea de difundir e de ofrecer o noso labor ao maior número posible de profesionais motivou a existencia da páxina web [www.ssreyes.org/archivo/mesa\\_index.htm](http://www.ssreyes.org/archivo/mesa_index.htm), onde se pode atopar información sobre as Mesas, as actas, a bibliografía, as publicacións, enlaces a outras páxinas webs relacionadas cos temas e mesmo algúns traballos dos integrantes do grupo que consideramos moi útiles. A Mesa tamén utilizou outras ferramentas de traballo e "visibilidade" como os grupos *google* e, actualmente, constituíuse un grupo na red social *goblonet* para o intercambio de ideas, propostas e materiais de traballo. Por último, mencionar, a pesar das esgotadoras xornadas e ás veces das acaloradas discusións, o ambiente de traballo que reina en todos os encontros é distendido, colaborador e amistoso, que se complementa con visitas culturais e gastronómicas, logo de rematar a xornada. O respecto, a colaboración, a aprendizaxe e, sobre todo, os fortes lazos de amizade que se estableceron entre membros fai que cada nova reunión se retome con ilusión e que o compromiso pague a pena.

### **Os temas das mesas.**

Nestes máis de vinte anos, a Mesa traballou sobre diferentes temas en función das preocupacións técnicas e da realidade dos nosos arquivos. Despois da elaboración do cadro de clasificación, e malia que na reunión que se celebrara en 1995 en Murcia se propuxera como asunto de estudo a metodoloxía para a valoración, selección e expurgo, acordouse facer unha paréntese e tratar outro tema clave nos nosos centros: a descrición. A nivel ministerial nese momento puxérase en marcha un programa de traballo sobre as normas internacionais de descrición que remataría no Congreso Internacional de Arquivos que se ía celebrar en Sevilla no 2000. O grupo decidiu analizar a aplicación da Norma ISAD (G) nos arquivos da administración local, co obxectivo de facer a nosa

acheга de cara á revisión desta. Nas Mesas de Laguna e Lugo, ano 1997, elaborouse un documento que se presentou a Hugo Stibbe, secretario da Ad Hoc Comisión on Descriptive Standards do CIA.

Logo de rematar este cometido e ante a preocupación polo enorme crecemento do volume de documentos producidos nas nosas administracións a partir dos anos 70, e ante o feito de que non todo o que se estaba a producir debía de ser conservado, retomamos o traballo proposto en Murcia de *Identificación e valoración para a selección de documentos nos arquivos da administración local*, co horizonte posto en conservar só aquelas series documentais que reuniran as condicións de testemuño e información que se requiren para ser custodiadas permanentemente. Os encontros de Lugo en 1997, Laredo en 1998, Santiago de Compostela en 1999, Palma de Mallorca en 2000 e Logroño en 2001 tiveron como resultado a publicación, grazas ao Concello de Logroño, da *Proposta de Identificación e valoración para a selección de documentos nos arquivos da Administración Local*<sup>5</sup>. O traballo presenta un modelo de formulario para a identificación, valoración e selección de series documentais que integran os fondos dos arquivos de concellos e deputacións, ao que acompañan exemplos de conservación total, parcial e de eliminación.

A vivacidade e dinamismo dos e das integrantes da Mesa é outro dos seus patrimonios. A preocupación polos novos retos que se nos formulan como profesionais e a necesidade de encaralos de xeito conxunto e normalizado, motivou que o novo tema fose os documentos electrónicos que comezaban xa a estar moi presentes nas nosas administracións. Por iso, a XVIII Mesa que se celebrou en Alicante os días 14, 15 e 16 de marzo do 2002 analizou e debateu: *La conservación de los documentos. Incidencia de la tecnología de la información en la producción, autenticidad y conservación documental*. O estudo da natureza dos documentos de arquivo en soporte electrónico producidos pola administración local tratouse nos encontros de Alicante en 2002, Valladolid e Pamplona en 2003, na Coruña 2004 e en Granada en 2005, Mesas XVIII á XXII. Propuxéronse modelos de análise para o estudo da situación real e, como noutras ocasións, expuséronse exemplos con series documentais máis habituais nestes arquivos, debatéronse os problemas de autenticidade, integridade, acceso e conservación dos documentos electrónicos, elaboráronse estudos sobre as normas e os programas

---

<sup>5</sup> MESA DE TRABAJO DE ARCHIVOS DE LA ADMINISTRACIÓN LOCAL. *Propuesta de Identificación y Valoración para la Selección de documentos en los archivos de la Administración Local*. Logroño: Ayuntamiento, 2001.

auspiciados polo Ministerio de Administracións Públicas para a creación e seguridade dos documentos electrónicos. Como nas restantes ocasións recolleuse a bibliografía e elaborouse un glosario de termos. Un avance do traballo presentouse nas *VIII Jornadas sobre tecnoloxías de la información para la modernización de las administraciones públicas Tecnimap*. Murcia, 2004.

Durante os anos 2006/2009, Mesas XXIII / XXVII, abordouse un novo tema: o da normalización dos indicadores de xestión para os arquivos da administración local. Tras cinco intensos encontros o resultado foi a proposta de modelos de posibles indicadores que nos permitisen ás e os arquivistas da administración local analizar o noso traballo, medilo, avalialo e, partir dos resultados obtidos, planificar a actividade nos arquivos. Este estudo viu a luz no 2010 publicado pola Deputación Provincial de Valladolid<sup>6</sup>.

A *e-administración* xa é unha realidade. As últimas reunións en Santiago de Compostela no 2010 e Huelva no 2011, Mesas XXVIII e XIX, respectivamente, estiveron dedicadas á arquivística e a administración electrónica: estudar as necesidades, identificar os requisitos e atopar as posibles solucións en materia de xestión de documentos electrónicos nas administracións públicas. Tratábase de formular un modelo básico para a xestión de documentos nun ámbito electrónico. Confiamos que a publicación *Requisitos archivísticos en la implantación de la administración electrónica de las entidades locales* vexa pronto a luz, grazas ao ofrecemento da Deputación de Huelva.

A próxima Mesa, a XXX, que se celebrará en Girona en marzo de 2012, xa está en marcha. Iníciáanse novos temas para os que se formaron dous grupos de traballo: o da presenza dos arquivos nas redes sociais, Internet, etc., e o da enciclopedia de recursos arquivísticos na rede.

Como se sinala na propia páxina web: “*La Mesa ha hecho posible que sus integrantes compartan experiencias, uniformen criterios, consensúen métodos y amplíen conocimientos, contribuyendo con sus publicaciones al desarrollo de la Archivística española y abriendo canales de comunicación inéditos en nuestras instituciones.*”

Pasaron vinte e tres anos de traballo en común, guiados por un espírito de respecto, colaboración e amizade. Este percorrido non tería sido posible sen as ensinanzas e os

---

<sup>6</sup> MESA DE TRABAJO DE ARCHIVOS DE LA ADMINISTRACIÓN LOCAL. *Normalización de los Indicadores de Gestión para los Archivos de la Administración Local*. Valladolid: Diputación provincial, 2010.

camiños trazados por profesionais que nos precederon, como é o caso de mestras do talle de Olga Gallego Domínguez.

SUAREZ RODRÍGUEZ, M<sup>a</sup> de la O: “Mesa de traballo de arquivos da Administración local. Máis de vinte anos de colaboración”. Relatorio presentado na xornada *Mulleres e historia*. Olga Gallego Domínguez organizada pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, 27 de outubro de 2011